



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 1 de outubro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous mestres ou mestras**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2012.
- 2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.
- 3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 6 de novembro ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.
- 4.- A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
- 5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un **nome** da lista de candidatos.
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.
- 7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **18 de novembro, ás 17:00 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ourense, 5 de novembro de 2014
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: M^a Teresa Lage Lage